



## Eutanasia: aproximación xurídica

---

Alfredo Losada Suárez<sup>1</sup>

Presentamos unha sinxela aproximación á análise xurídica da eutanasia desde o punto de vista penal. Tendo como marco o dereito á vida, que no eido penal é o ben xurídico protexido da eutanasia, profundaremos nas características que esixe o lexislador para atoparnos ante a conduta que na actualidade configura o delito de eutanasia, así como aquelas accións que poderían parecer semellantes pero non son tipificadas como tal no Código Penal. Por último, daremos unha pincelada sobre a proposta lexislativa que se presentou no Congreso en xaneiro de 2020 para a tramitación dunha lei orgánica que regule a eutanasia.

### 1.- Dereito á vida

Imos partir dos documentos xurídicos máis antigos, por orde de relevancia, para poñer en contexto o respecto á vida das persoas. En primeiro lugar, o artigo 3 da Declaración universal dos dereitos humanos (10 de decembro de 1948):

Todo individuo ten dereito á vida, á liberdade e á seguridade da súa persoa.

No noso ordenamento xurídico a Constitución de 1978 reconece o dereito á vida –non só aos cidadáns españois senón tamén aos

---

<sup>1</sup> Alfredo Losada Suárez é avogado en exercicio, máster en protección de datos de carácter persoal.

estranxeiros—, dentro do capítulo específico sobre os dereitos fundamentais e liberdades públicas, indicando expresamente o artigo 15:

Todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral, sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes.

Pero o artigo 10.2 do texto constitucional é moi claro, xa que destaca que os dereitos fundamentais e as liberdades, cando haxa que consideralos na práctica, en especial no caso de conflito entre varios, necesariamente deben interpretarse consonte aos tratados internacionais, no cumio da xerarquía normativa no noso Estado de dereito:

As normas relativas aos dereitos fundamentais e ás liberdades que a Constitución recoñece interpretaranse de conformidade coa Declaración Universal de Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais (...).

Por certo, que ese dereito á vida arriba sinalado non pode ser aplicado para amparar un suposto dereito á propia morte, como así expresou o Tribunal Constitucional na súa Sentenza n.º 120/1990, do 29 de xuño, declarando que non é posible admitir que a Constitución garanta o dereito á morte amparándose no artigo 15.

Loxicamente o Tribunal Constitucional non pode deixar de recoñecer que as persoas poden dispor de facto sobre a súa propia morte, xa que a privación da vida propia é un acto que a lei non prohíbe. Pero non é un dereito subxectivo que implique unha obriga aos poderes públicos para favorecer a vontade de morrer, nin un dereito subxectivo fundamental que poida estenderse fronte á resistencia do lexislador.

## 2.- Configuración actual do delito de eutanasia

Dentro do catálogo de delitos (Libro II) que establece o Código Penal (L.O. 10/1995, de 23 de novembro), o primeiro título establece aqueles relativos ao homicidio e ás formas de matar. Un apuntamento: o dereito penal encádrase no dereito público. Qué-



www.encrucillada.gal

Só ten acceso ao artigo completo o/a  
subscritor/a (en dixital ou en papel)

Se desexa subscribirse prema na seguinte ligazón:

<http://www.encrucillada.gal/index.php?s=3>